



## **CONCELLO DE POIO**

Ref: MC

(Secretaría)

ACTA DA SESION ORDINARIA, NÚMERO CINCOCENTAS TRINTA E TRES REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E OITO DE XUÑO DE DOUS MIL DEZASEIS.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do día vinte e oito de xuño de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs./as. Concelleiros Xulio Barreiro Lubián, Xosé L. Martínez Blanco, Margarita Caldas Moreira, Lidia Salgueiro Piñeiro, Jose Angel Lodeiro Cancela, Angel Moldes Martínez, Rocío Cochón Castro, Manuel Domínguez Álvarez, Natividad Torres Balea, Marcial Garcia Freijeiro, Juan Jose Rodríguez Grandal, M<sup>a</sup> Consuelo Besada Lores, Gregorio L. Agís Gómez, Rosa Fernández González e Silvia Díaz Iglesias; escusa a non asistencia o Concelleiro Candido Muiños balea e a Interventora Municipal Olga Fernández Rodríguez. Actuando a Secretaria Xeral do Concello D<sup>a</sup>. Paula Díaz Ramos. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

4268.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES DO 30, 31 DE MAIO E 7 DE XUÑO DE 2016, NÚMEROS 530, 531 E 532 RESPECTIVAMENTE.- Dáse conta das actas anteriores do 30, 31 de maio e do 7 de xuño de 2016, correspondente aos números 530, 531 e 532 respectivamente e ao non presentarse alegación ou observación ningunha ás mesma sde conformidade co disposto no Real decreto legislativo 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais estas quedan aprobadas polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros.

4269- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria preesente na sesión dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: “4251.- INTERVENCIÓN, APROBACIÓN DEFINITIVA CONTA XERAL EXERCICIO 2015.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención Municipal; 4252.- INTERVENCIÓN, RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO N<sup>o</sup> 6/2016.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención Municipal; 4253.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA DA OBRIGA DE INFORMACIÓN DE ESTIDADES LOCAIS RESPECTO DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE 2016.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención Municipal; 4254.- URBANISMO, SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) PRESENTADA POR D<sup>a</sup> PATRICIA CRESPO GUIMERANS, EXP. 422/15 POR OBRAS REHABILITACIÓN VIVENDA UNIFAMILIAR E HÓRREO EN RÚA A RÚA N<sup>o</sup> 13 DE COMBARRO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Urbanismo e notificouse ao solicitante; 4255.- URBANISMO, SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO)

PRESENTADA POR D. JESÚS CASTIÑEIRA MARTÍNEZ, EXP. 423/15 POR OBRAS REHABILITACIÓN VIVENDA UNIFAMILIAR E HÓRREO EN RÚA LAXE Nº 6 DE COMBARRO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Urbanismo e notificouse ao solicitante; 4256.- URBANISMO, SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) PRESENTADA POR D. FRANCISCO CARBALLA ABAL, EXP. 449/15 POR OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA EN VIVENDA UNIFAMILIAR E REPARACIÓN HÓRREO EN RÚA A RÚA Nº 27 DE COMBARRO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Urbanismo e notificouse ao solicitante; 4257.- URBANISMO, SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) PRESENTADA POR Dª CARMEN LAREDO RIAL, EXP. 436/15 POR OBRAS DE CAMBIO CUBERTA DE VIVENDA UNIFAMILIAR E RESTAURACIÓN DE HÓRREO EN RÚA CEGA Nº 17 DE COMBARRO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Urbanismo e notificouse ao solicitante; 4258.- CONTRATACIÓN, ARRENDAMENTO URBANO DE USO DISTINTO Á VIVENDA DE QUIOSCO BAR EN A SECA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Contratación e publicouse anuncio no Boletín oficial da Provincia; 4259.- CONTRATACIÓN, ARRENDAMENTO URBANO DE USO DISTINTO Á VIVENDA DE QUIOSCO FINCA COSTA XIRALDEZ-LOURIDO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Contratación e publicouse anuncio no Boletín oficial da Provincia; 4260.- CONTRATACIÓN, SEGURO DE ASISTENCIA SANITARIA COMPLEMENTARIA DO PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE POIO INTEGRADO NA SEGURIDADE SOCIAL.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Contratación e publicouse anuncio no Boletín oficial da Provincia; 4261.- MOCIÓN PARA O CUMPRIMENTO REAL E EFECTIVO DA CARTA EUROPEA DAS LINGUAS REXIONAIS E MINORIZADAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado á Xunta de Galicia; 4262.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE APOIO Á PLATAFORMA ENCE FÓRA DA RÍA PARA SEMPRE, 29 DE XUÑO 2016.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Plataforma; 4263.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA A FINALIZACIÓN DA VARANDA DE LOURIDO, O FINANCIAMENTO DE PROXECTO DE COLECTIVOS E ASOCIACIÓNS E A RECUPERACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN COMUNITARIA (PAC).- Uniuse certificación do acordo ao seu expediente e procedeuse ao seu arquivo; 4264.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA A IMPLIACIÓN DA ZONA DE XOGO INFANTIL DE CHOUSA E A CONSTRUCIÓN DUNHA ZONA DE XOGOS NOS ARREDORES DA RÚA COSTA DE ABAIXO EN COMBARRO.- Uniuse certificación do acordo ao seu expediente e procedeuse ao seu arquivo; 4265.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA A INMEDIATA POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS PARA A CONSTRUCIÓN DE BEIRARÚAS E ACTUACIÓNS EN CAMPELO.- Uniuse certificación do acordo ao seu expediente e procedeuse ao seu arquivo; 4247.- SORTEO A CELEBRAR PARA A FORMACIÓN DAS MESAS ELECTORAIS DAS VINDEIRAS ELECCIÓN XERAIS DO PRÓXIMO 26 DE XUÑO DE 2016.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e procedeuse á práctica da notificación do electorado elixido; 4266.- SORTEOS (RESERVA) A CELEBRAR PARA A FORMACIÓN DAS MESAS ELECTORAIS DAS VINDEIRAS ELECCIÓN XERAIS DO PRÓXIMO 26 DE XUÑO DE 2016.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e procedeuse á práctica da notificación do electorado elixido; 4267.- URBANISMO, APROBACIÓN PROVISIONAL DELIMITACIÓN DE NÚCLEO RURAL EN RIOMOURO PEQUENO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Servizo de Urbanismo.”.

A Corporación dáse por enterada.

4270.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario realizado e que estiveron a disposición dos membros corporativos xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día.

A Corporación dáse por enterada.

4271.-INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚMERO 15/2016 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CO REMANENTE LÍQUIDO PARA GASTOS XERAIS.- Dáse conta do expediente formado pola Intervención Municipal que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 20 de xuño de 2016 e que di o seguinte: “Dáse conta da Proposta da Alcaldía de data 13 de xuño de 2016, Memoria e Providencia da Alcaldía de data 10 de xuño de 2016 e do informe da interventora municipal de data 10 de xuño de 2016.

A interventora municipal explica o contido do expediente manifestando que se propón para a súa aprobación unha modificación orzamentaria nº 15/2016 mediante suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais, por importe de 81.884,96€, derivado da existencia de dous proxectos de investimento Rehabilitación e mellora das carpinterías exteriores no edificio “Casa do Concello” e “Urbanización de cesión Conxunto Ruada” que poden tratarse como inversións financeiramente sostibles, segundo queda xustificado nas Memorias de Alcaldía de datas 10 de xuño de 2016.

Ante a necesidade de dotar crédito para os gastos que se mencionan na Memoria da Alcaldía para os cales non existe crédito suficiente e adecuado no vixente Orzamento propoño: ” Primeiro.- que os investimentos para o que se propón a realización da modificación orzamentaria: nº 15/16 , segundo a información contida no informe do enxeñeiro municipal obrante no expediente, na Memoria de Alcaldía e no informe de Intervención, sexan declarados como investimentos financeiramente sostibles: “Rehabilitación e mellora das carpinterías exteriores no edificio “Casa do Concello” e “Urbanización de cesión Conxunto Ruada”. Segundo: proceder a aprobar a modificación orzamentaria nº15/2016 mediante suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais, nos conceptos e contías que figuran na memoria de Alcaldía por importe total de 81.884,96€ segundo o seguinte detalle:

Altas en Aplicacións de Gastos

Aplicación	Denominación	Importe
336.63200	Protección do patrimonio histórico-artístico. Investimentos reposición asociados o funcionamento dos servizos, edificios e outras construcións	33.776,72 €
1532.60900	Vías urbanas. Investimentos novos en bens destinados o uso xeral	48.108,24 €
	<b>TOTAL</b>	<b>81.884,96 €</b>

Terceiro: que se someta ao trámite de información pública a aprobación do expediente de modificación orzamentaria tal como se establece na lexislación aplicable.”

A Comisión por 4 votos a favor do BNG, PSOE e da Concelleira non adscrita, ningún voto en contra e 3 abstencións do P.P. acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación, segundo a Proposta da Alcaldía e que se sigan os trámites legais procedentes.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación presta aprobación por dezaseis votos a favor sendo dezasete o seu número legal de membros ao ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Declarar como investimentos financeiramente sostibles: “Rehabilitación e mellora das carpinterías exteriores no edificio “Casa do Concello” e “Urbanización de cesión Conxunto Ruada, segundo a información contida no informe do enxeñeiro municipal obrante no expediente, na Memoria de Alcaldía e no informe de Intervención.

**Segundo:** Aprobar a modificación orzamentaria nº15/2016 mediante suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais, nos conceptos e contías que figuran na memoria de Alcaldía por importe total de 81.884,96€ segundo o seguinte detalle:

Altas en Aplicacións de Gastos

Aplicación	Denominación	Importe
336.63200	Protección do patrimonio histórico-artístico. Investimentos reposición asociados o funcionamento dos servizos, edificios e outras construcións	33.776,72 €
1532.60900	Vías urbanas. Investimentos novos en bens destinados o uso xeral	48.108,24 €
	<b>TOTAL</b>	<b>81.884,96 €</b>

**Terceiro:** Someter ao trámite de información pública a aprobación do expediente de modificación orzamentaria tal como se establece na lexislación aplicable.

**Cuarto:** Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

4272.- MOCIÓN DE SILVIA DÍAZ IGLESIAS, CONCELEIRA NON ADSCRITA, SOBRE A DECLARACIÓN DE “MUNICIPIO OPOSTO AO ACORDO TRANSATLÁNTICO DE COMERCIO E INVESTIMENTO (TTIP)”.- Dáse conta da moción presentada e que foi sometida á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gober nación e Contas na súa sesión realizada o 20 de xuño de 2016 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta da moción de data 15 de xuño de 2016, presentada o día 15 de xuño de 2016, Silvia Díaz Iglesias, Concelleira non adscrita do Concello de Poio, que tras unha ampla exposición de motivos, solicita do Pleno do Concello de Poio a adopción dos seguintes acordos: “1. Declarar o Concello de Poio como “Municipio oposto ao Acordo Transatlántico de Comercio e Investimento (TTIP)”, en defensa dos servizos públicos básicos para a solidariedade e a redistribución social.

2. Solicitar do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do Gober no estatalo seu apoio a todas as iniciativas dirixidas a manter o carácter público dos chamados servizos socialmente útiles.

3. Solicitar do Ministerio de Economía e Competitividade do Goberno de España a suspensión das negociacións do TTIP e outros acordos comerciais similares, coa finalidade de conseguir que:

- mecanismos como o ISDS (Mecanismos de Arbitraje Inversor-Estado) ou similares non sexan incluídos neste nin en ningún outro Tratado.

- se defenda a actual política reguladora da UE e dos seus estados membros, de xeito que non se perdan competencias en materias de lexislación social, protección ao consumidor e ao medio ambiente.

- o Tratado non se limite a obxectivos meramente económicos e que se lle dea a mesma importancia e consideración aos obxectivos sociais e ambientais.

- se termine a actual falta de transparencia das negociacións, se faga pública toda a información e se abra un debate público na UE e nos seus respectivos parlamentos nacionais.

- os servizos públicos e a propiedade intelectual sexan excluídos do Tratado.”

A Sra. Díaz Iglesias explica o contido da moción indicando que é un acordo que se propón por dúas razóns: primeira pola forma de como se levan as negociacións, que pode agachar algo perigoso; e por outro lado polo fondo xa que basicamente é de libre comercio e é prexudicial para os veciños e para a economía.

Pensamos que a Europa non lle vai a ir tan ben como a Estados Unidos.

A finais de este mes haberá un consello europeo e pode que se fagan os documentos do que vai supoñer.

O Sr. Barreiro Lubián di que coincide en todo con esta moción. Parécenos un tratado auspiciado polas grandes empresas e que vai a empeorar moitísimo o tecido empresarial deste país e para

o sector primario (pesca, agro en xeral).

Opoñémonos a este tratado porque fundamentalmente non se saben as consecuencias que conleva, non se sabe nada do contido.

A Sra. Besada Lores di que o seu grupo político vaise abster ata o pleno.

A Comisión por 4 votos a favor (3 BNG e 1 da Concelleira Non Adscrita), ningún voto en contra e 6 abstencións ( 4 do P.P. E 2 PSOE) acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”.

Toma a palabra a Concelleira Sra. Díaz Iglesias que reitera o exposto na Comisión Informativa de Facenda explicando que se trata de solicitar do Concello unha posición oposta a este Acordo, xa que as formas na que se tratou non son as adecuadas (negociacións secretas, soamente as grandes corporacións), o contido (eliminación dos aranceis EEUU-Europa), a creación dun tribunal de arbitraje externo que derrogará ás leis estatais e consecuencias en todos os planos (economía, agro, plano medioambiental...)

O Sr. Barreiro Lubián toma a palabra de apoio á moción presentada xa que pouco se sabe do contido do tratado pero preténdese unha harmonización que non vai en beneficio da clase traballadora senón dos grandes mercados, empeoran os mercados.

Pedimos un debate social e con coñecemento amplo e abeiro dos obxectivos.

A Sra. Besada Lores di que o seu grupo vai votar a favor xa que entender que debe haber máis transparencia.

O Sr. Moldes Martínez manifesta que aínda que non comparten todo o contido da moción van a manter a abstención da Comisión de Facenda.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese a votación a moción presentada a que queda aprobada por 10 votos a favor (6 BNG, 3 PSOE e 1 Concelleira non Adscrita), ningún voto en contra e 6 abstencións do PP adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Declarar o Concello de Poio como “Municipio oposto ao Acordo Transatlántico de Comercio e Investimento (TTIP)”, en defensa dos servizos públicos básicos para a solidariedade e a redistribución social.

**Segundo:** Solicitar do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do Goberno estatal o seu apoio a todas as iniciativas dirixidas a manter o carácter público dos chamados servizos socialmente útiles.

**Terceiro:** Solicitar do Ministerio de Economía e Competitividade do Goberno de España a suspensión das negociacións do TTIP e outros acordos comerciais similares, coa finalidade de conseguir que:

- mecanismos como o ISDS (Mecanismos de Arbitraje Inversor-Estado) ou similares non sexan incluídos neste nin en ningún outro Tratado.
- se defenda a actual política reguladora da UE e dos seus estados membros, de xeito que non se perdan competencias en materias de lexislación social, protección ao consumidor e ao medio ambiente.
- o Tratado non se limite a obxectivos meramente económicos e que se lle dea a mesma importancia e consideración aos obxectivos sociais e ambientais.
- se termine a actual falta de transparencia das negociacións, se faga pública toda a información e se abra un debate público na UE e nos seus respectivos parlamentos nacionais.
- os servizos públicos e a propiedade intelectual sexan excluídos do Tratado.

4273.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA CONSTRUCCIÓN DUNHA ZONA DE XOGO HOMOLOGADA, INCLUSIVA E ACCESIBLE, E DE PISTAS POLIDEPORTIVAS NA PARROQUIA DE SAMIEIRA.- Dáse conta do texto da moción do Grupo Municipal do Partido Popular presentada para solicitar do Pleno do Concello para levar a cabo as actuacións necesarias para a construción dun parque infantil e pistas polideportivas na zona de Samieira e que di textualmente: “A Constitución Española sinala no artigo 39.4 que nenos e as nenas “gozarán da protección prevista nos acordos internacionais que miran polos seus dereitos”, como a Convención dos Dereitos do Neno, do 20 de novembro de 1989, ratificada por España o 30 de novembro de 1990, que recoñece “o dereito do neno ao descanso e ao esparexemento, ao xogo e ás actividades de lecer propias da súa idade e a participar libremente na vida cultural e nas artes”, protección semellante á Carta Europea dos Dereitos do Neno, que teñen a súa contraparte na lexislación nacional na Lei Orgánica 1/1996 do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, e na a Lei 3/1997, galega da familia, a infancia e a adolescencia.

Todos estes tratados e normas buscan informar a acción das administracións no exercicio das súas competencias para que teñan en conta as necesidades de lecer e participar de xogos e actividades infantís, esenciais para o desenvolvemento de cativos e cativas.

En concreto, todas as Administracións públicas, incluídos os Concellos, quedan así obrigados a velar por que os máis novos dispoñan de espazos e entornos homologados, accesibles e controlados para esparexerse e participar de xogos e actividades concordes á súa idade.

Na parroquia de Samieira, estes principios que obrigan ao Concello véñense incumprindo de maneira regular: as únicas zonas infantís existentes existen grazas ás Comunidade de Montes que operan en Samieira, sen recibiren apenas asistencia do goberno municipal.

Así, a escasísima superficie de parque infantil que hai en Samieira é pouca, non se axeita aos estándares e homologacións actuais e depende case exclusivamente das posibilidades de mantemento e financiamento dos comuneros.

Asimesmo, a non existencia de pistas deportivas semellantes ás existentes noutras parroquias e concellos obriga ós veciños de Samieira a buscar acomodo noutros concellos e noutras parroquias para practicar o deporte necesario para o seu desenvolvemento persoal, unha obriga discriminatoria e inxusta para Samieira, considerando que todos os veciños de Poio deben recibir un trato xusto e equitativo por parte do Concello, vivan onde vivan.

Estas discriminacións –no esparexemento dos nenos e na práctica do deporte- son unha demanda histórica dos veciños de Samieira, demanda sen motivos obxectivos para non darlles cumprimento.

Semella, por tanto, de sentido común demandarmos que en Samieira se instalen espazos modernos, homologados, amplos e acondicionados para a práctica do deporte e para o esparexemento de veciños e veciñas de todas as idades que viven na parroquia ou a visitan, e que sexan os propios veciños os que determinen a ubicación máis axeitada para o mesmo.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular no concello de Poio eleva ó Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1. Levar a cabo as actuacións necesarias para a construción dun parque infantil con zona de xogos homologada e accesible na parroquia de Samieira, cun tamaño e equipamento suficiente como para satisfacer as necesidades dos habitantes de Samieira.
2. Levar a cabo as actuacións necesarias para a construción dunha zona de pistas polideportivas na parroquia de Samieira, anexa ó anterior ou en outra localización, que cumpra condicións semellantes ás do devandito parque, isto é: homologación, accesibilidade, inclusión e amplitude suficiente.

3. Promover a realización dun proceso de consulta pública cos veciños de Samieira para determinar o emprazamento máis axeitado para estes novos espazos cidadáns, considerando sempre os criterios de eficiencia e as condicións técnicas que sexan mester.”.

Toma a palabra o Concelleiro o Sr. Domínguez Álvarez que explica os membros da corporación os obxectivos que se pretende coa moción presentada procedendo á lectura dos acordos solicitados.

O Sr. Barreiro Lubián di que o seu grupo podería estar de acordo pero non os estamos en canto á exposición de motivos cando se fala do mantemento no que se dí que é maioritariamente realizado polo comuneiros cando este se realiza desde o Concello. E nada que dicir da consulta pública, non nos parece serio.

O Sr. Alcalde toma a palabra e explica que hai un acordo e uns compromisos coas comunidades para o mantemento das zonas de xogos así como dos biosalubres, pódese dicir que houbo deixadez poconcello pero xa se retomou o mantemento.

Nesas zonas que pedides hai colexios que teñen xogos, máis grandes ou máis pequenos. Neste tipo de mocións igual que nas tratadas en plenos anteriores, o problema co que nos atopamos son os terreos que estean integrados en poboación.

A Sra. Besada Lores di que están de acordo no fondo da moción pero que lles parece un pouco exaxerada.

O Sr. Domínguez Álvarez di que o que se solicita é un parque non o mantemento.

O Sr. Agís Gómez di que a ubicación das zonas de xogos é moi importante porque ás veces cunha distancia de 100 metros funcionan ou non. E en Samieira podemos caer nese erro, porque o parque non ten afluencia e se invertimos podemos estar na mesma situación asumindo un custe maior de mantemento.

A Sra. Díaz Iglesias reitera o exposto en Plenos anteriores que á hora de afrontar este tipo de cuestións hai que dispor de partida presupostaria así como de criterios á hora de afrontar este tipo de gastos. Neste caso concreto é certo que o parque sito en Río de Bois ten afluencia aínda que non está nas mesmas condicións que outros e tamén hai que coñecer o destino do parque da Escola de Samiera.

O Sr. Alcalde solicita a retirada da moción presentada para un estudo posterior sendo reixetada a petición polos membros do Partido Popular o Pleno da Corporación somete á votación a moción presentada a que queda rexeitada por 7 votos a favor (6 PP e 1 Concelleira Non Adscrita), 9 votos en contra (6 BNG e 3 PSOE) e ningunha abstención.

**MOCIÓN URXENTES.**- Non se presentan. **ROGOS.**- Non se presenta. **PREGUNTAS.**- O Sr. Domínguez Álvarez pregunta oa Sr. Alcalde cando se lle vai contestar á pregunta formulada no Pleno anterior en relación coa xestión e distribución dos fondos do PAC destinadas ás Asociacións.

**INTERPELACIÓNS.**- Non se producen.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte horas e dezasete minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria Xeral, dou fe.

Publicase, no taboleiro de anuncios deste Concello, o contido dos acordos adoptados nesta sesión, de conformidade co disposto no art. 229 do ROF e RXEL, para xeral coñecemento de tódolos interesados nos respectivos acordos, ós efectos de que poidan interpoñer, directamente e no prazo de dous meses, desde a publicación, contando a partir da exposición ao público no taboleiro de anuncios, o

recurso Contencioso-Administrativo, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto no art. 58 da Lei Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, en relación cos artigos 109 c) e Disposición Derrogatoria 2 c), da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; podendo interpor, pola súa conta, calquera outro recurso, que estime conveniente, entre eles o recurso de revisión ante o Concello, por erro de feito que resulte dos propios documentos incorporados ao expediente, de conformidade co artigo 118, da Lei 30/92; todo isto de conformidade co disposto no art. 58 da Lei Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, en relación co art. 211 do ROF e RXEL.; podendo os interesados interpor calquera outro recurso que estimen conveniente.

Poio, 13 de xullo de 2016  
A secretaria xeral.

Paula E. Ramos Díaz